

AXUDAS ESTABLECEMENTOS TURISTICOS E DE RESTAURACION

O 4 de febrero de 2021 publícase no DOG a *Resolución do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a súa convocatoria para o ano 2021, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU503A).*

Poderán ser persoas **beneficiarias** das subvencións as persoas físicas e xurídicas **titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración** que reúnan os requisitos establecidos e que teñan autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT), o establecemento turístico para o que se solicita a axuda, en base aos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a **mellora da infraestrutura turística da Comunidade Autónoma de Galicia** mediante a incentivación para a mellora das infraestruturas dos establecementos de aloxamento turístico e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- **Os establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural e albergues turísticos**, de acordo co artigo 55.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.
- **As empresas de restauración** que se enmarquen dentro do grupo I do artigo 77 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.

Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2021 e en ningún caso se admitirán nin facturas nin xustificantes de pagamento anteriores a dita data.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 4 de marzo de 2021.